



**ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL,
CELEBRADA O 15 DE XUÑO DE 2019**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día quince de xuño de dous mil dezanove, ás doce horas, **comparecen** os/as candidatos/as ás eleccións locais de 2019 pola circunscrición municipal de Monforte de Lemos, que foron proclamados/as **electos/as** pola Xunta Electoral de Zona.

Constan no expediente da sesión:

- As credenciais expedidas pola Presidenta da Xunta Electoral de Zona de Monforte de Lemos.
- As declaracións de actividades e de bens, formuladas de acordo co art 75.7 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Figuran os/as comparecentes na acta de proclamación da seguinte forma:

1. JOSÉ TOMÉ ROCA (PSdeG-PSOE)
2. GLORIA MARÍA PRADA RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE)
3. IBAN TORRES RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE)
4. MARÍA DEL PILAR ESPINOSA NOVELLE (PSdeG-PSOE)
5. JOSÉ LUIS LOSADA FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE)
6. MARINA MARÍA DOUTON RAJO (PSdeG-PSOE)
7. JOSE MANUEL MOUGÁN SOBREDO (PSdeG-PSOE)
8. REGINA LOPEZ ARIAS (PSdeG-PSOE)
9. GUILLERMO DIAZ AIRA (PSdeG-PSOE)
10. MARGARITA LOPEZ RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE)
11. MIGUEL TOMÉ LÓPEZ (PSdeG-PSOE)
1. KATHERINIE VARELA FERNANDEZ (PP)
2. ROBERTO EIREOS SAEZ (PP)
3. MANUEL RODRIGUEZ MARTINEZ (PP)
4. VICTOR MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ (PP)
1. MARÍA ISABEL GARCÍA DÍAZ (ESPERTA MONFORTE !)
1. EMILIO JOSÉ SÁNCHEZ IGLESIAS (B.N.G.)

Asisten tamén o **Secretario** da Corporación municipal, D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto, a **Interventora accidental**, D^a María Inmaculada Buján Arias, e a **Tesoureira accidental**, Dna. Luisa Pallares Alvarez.

O obxecto da sesión é proceder á constitución da Corporación municipal e á elección de Alcalde, de conformidade co disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral (LOREX), e no artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), seguindo a orde do día da convocatoria efectuada para ese efecto.

Pleno da Corporación

Sesión constitutiva do 15.06.2019

Páxina 1 de 5





1º.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL XURDIDA DAS ELECCIÓNS CELEBRADAS O 26 DE MAIO DE 2019.

Procédese en primeiro lugar a constituír a Mesa de Idade, que queda integrada por Dona. Isabel García Díaz e Dona Katherinie Varela Fernández, de maior e menor idade respectivamente dos electos/as, presidindo a primeira dos citados e actuando de Secretario quen o é da Corporación.

A efectos de toma de posesión como Concelleiro ou Concelleira, os/as proclamados/as electos/as deben prestar xuramento ou promesa segundo a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, que para este acto concrétase da seguinte forma:

“Xuro/prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/Concelleira do Concello de Monforte de Lemos, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Así o fixeron os integrantes da Mesa de Idade previamente a constituíla, e despois os demais electos/as, que foron chamados seguindo a lista pola que se presentaron, en orde de máis a menos votada, pasando a ocupar tras iso o asento correspondente.

O xuramento ou promesa foi efectuado por todos/as, sen prexuízo dalgunha omisión, engadido ou modificación respecto á fórmula regulamentaria. Así pois, todos/as **adquiren a condición de Concelleiro/Concelleira** do Concello de Monforte de Lemos, figurando a continuación segundo a lista pola que se presentaron e a orde de colocación nela:

PSdG-PSOE

D. José Tomé Roca
Dna. Gloria Mª Prada Rodríguez
D. Iban Torres Rodríguez
Dna. Mª Pilar Espinosa Novelle
D. José Luis Losada Fernández
Dna. Marina María Douton Rajo
D. José Manuel Mougán Sobredo
Dona Regina López Arias
D. Guillermo Díaz Aira
Dª Margarita López Rodríguez
D. Miguel Tomé López
PP
Dona Katherinie Varela Fernández
D. Roberto Eiros Saez
D. Manuel Rodríguez Martínez
D. Victor Manuel Rodríguez López
BNG
D. Emilio José Sánchez Iglesias
Esperta Monforte

Pleno da Corporación

Sesión constitutiva do 15.06.2019

Páxina 2 de 5



FIRMAS Y FECHAS

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 20/06/2019
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 20/06/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/06/2019 12:55:39





Dna. M^a Isabel García Díaz

Pola Sra. Presidenta déclarase **constituída a Corporación municipal** xurdida das eleccións celebradas o 26 de maio de 2019.

Faise constar polo Sr.Secretario que de acordo co art.36.2 do ROF está a disposición dos Sres./as. Concelleiros/as a documentación referente ao arqueo de fondos cos xustificantes das existencias en metálico e valores, así como a relativa ao inventario de bens municipais.

Procede pasar ao punto segundo da orde do día.

2º.- ELECCIÓN DE ALCALDE/ALCALDESA.

A elección desenvólvese segundo o previsto no art. 196 da LOREX. Son electores/as todos/as Concelleiros/as e elixibles quen encabezan as listas das respectivas candidaturas.

A votación faise polo sistema ordinario de man alzada e ten o seguinte resultado:

- D.José Tomé Roca.....11 votos.
- Dna.Katherinie Varela Fernández.....4 votos.
- D. Emilio José Sánchez Iglesias0 votos.
- Dna.M^a Isabel García Díaz.....0 votos.
- Dúas abstencións do concelleiro do BNG e a concelleira de Esperta Monforte.

Tendo obtido a maioría absoluta dos votos, **é proclamado Alcalde** electo do Concello de Monforte de Lemos **D.José Tomé Roca**, que é chamado, para tomar posesión do cargo, a prestar xuramento ou promesa segundo a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, que se concreta da seguinte forma:

“Xuro/prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Monforte de Lemos, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Así o fai D. José Tomé Roca, e despois de recibir o bastón de mando do anterior, pasa a ocupar a presidencia da sesión como Alcalde de Monforte de Lemos e Presidente do Pleno municipal.

Procede a continuación o Sr. Alcalde a dirixir á Corporación municipal e aos presentes no acto, as seguintes palabras:

“Bos días a todos e todas.
Señoras e señores Concelleiros.
Señor Secretario.
Señora Interventora

Pleno da Corporación

Sesión constitutiva do 15.06.2019





Señora Tesoureira.
Persoal do Concello
Medios de Comunicación.
Querida Familia
Señoras e señores,

Entre outras cousas, hoxe é o día dos agradecementos.

En primeiro lugar, grazias a todos pola vosa presenza arroupándonos neste emotivo acto de Toma de posesión.

Quero felicitar ós 17 concelleiros e concelleiras que foron elixidos polos cidadáns para estar presentes nesta Corporación que hoxe empeza a súa andaina.

Permitídemme que teña un agradecemento especial para a miña familia, especialmente para a miña muller por soportar a cantidade tan grande de horas e de días que paso fóra da casa, dedicados a traballar polo Concello, porque sen a súa comprensión non podería dedicar tanto tempo á vida política.

Quero agradecer tamén o traballo e a lealdade dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal Socialista que co seu voto acaban de elixirme Alcalde de Monforte, unha responsabilidade que asumo con honor.

A quen lle teño que dar un agradecemento enorme e a quen lle quero agradecer de corazón o seu apoio, é ós veciños e ás veciñas de Monforte, que co seu voto o pasado día 26 de maio, depositaron en min, a maior confianza política que houbo neste Concello nos 40 anos que levamos de democracia municipal, premiando o esforzo e o traballo que fixemos no pasado mandato, e ó mesmo tempo encargáronnos a xestión do concello para os próximos 4 anos, onde o Grupo Municipal Socialista representa practicamente o 65 por cento da Corporación. Así que, moitas grazias a todos os monfortinos e monfortinas.

Isto quere dicir, que depositaron en min e no Equipo de Goberno, un enorme capital político, pero tamén unha grande responsabilidade, que temos a obriga de saber xestionar para o ben do interese xeral dos monfortinos.

Durante a campaña eu era o candidato do Partido Socialista, pero a partir de hoxe, son o Alcalde de todos, como procurei ser no pasado mandato atendendo a todos os veciños e poñendo especial cariño pola xente, polos barrios e polas parroquias.

Eu xa teño unha ampla experiencia política, tanto na vida municipal, como na autonómica e mesmo na estatal, por iso, asegúrolles que a min solo me move, SERVIR A MONFORTE.

Quero decirlles que seguirei gobernando como ata agora, con humildade, cerca da xente, con rigor e seguir facendo unha boa xestión económica, estirando os fondos públicos para poder realizar o maior número de actuacións posibles.

Quero seguir mellorando a cidade e as parroquias, pero tamén quero sacar adiante proxectos estruturais que fagan crecer a Monforte e mellorar a súa trama urbana.

Temos ideas e temos proxectos para facelo, tal como recolle o noso programa e espero conseguilo en boa medida.

Pleno da Corporación

Sesión constitutiva do 15.06.2019

Páxina 4 de 5



FIRMAS Y FECHAS

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 20/06/2019
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 20/06/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/06/2019 12:55:39





O obxectivo é, compaxinar e facer posible o ter unha cidade bonita e atractiva onde vivir e ó mesmo tempo que teña un tecido produtivo que nos permita encarar o futuro con esperanza e con ilusión, pensando nas próximas xeneracións.

Espero estar á altura da confianza que os monfortinos depositaron en nós, pero sobre todo espero estar á altura do que MERECE MONFORTE.

Sei que é unha tarefa difícil, pero vouno intentar, porque si nunca se intenta, nunca se consegue ningún obxectivo.

Son unha persoa de conviccións firmes, inasequible ó desalento, que non me rindo facilmente diante das dificultades, senón todo o contrario, estímulanme máis para seguir traballando e acadar os obxectivos que teño marcados.

Traballarei arreo, para que cando me volva a examinar dentro de catro anos, poida volver a acadar o aprobado da maioría dos monfortinos e das monfortinas.

Saúde para todos e moitas gracias. “

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as doce horas e corenta e tres minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

José Tomé Roca

Pleno da Corporación

Sesión constitutiva do 15.06.2019

Páxina 5 de 5



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30003E28100B516K8R6U3X2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMAS Y FECHAS

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 20/06/2019
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 20/06/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/06/2019 12:55:39

DOCUMENTO: 20190254593
Fecha: 20/06/2019
Hora: 12:55

